



## NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

### CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

#### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** venres 29 de xaneiro de 2021

**Hora:** 20:00

**Lugar:** Telemática. Aplicación ZOOM.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

#### A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión celebrada o 18 de decembro de 2020.

#### **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA**

2. Proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI. Expediente Nº 2021/G016/000001.
3. Proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO. Expediente Nº 2021/G016/000002.
4. Proposta da Alcaldía relativa á modificación do Anexo de Subvencións do orzamento para o exercicio 2021. Expediente Nº 2021/T002/000001.
5. Proposta da Alcaldía relativa á Desestimación recurso de reposición interposto por D. Santiago Marcos Fernández como administrador de Gasolineira As Pías SL contra acordo Plenario de data 30.10.2020. Expediente Nº 2020/U022/000003.
6. Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do REC 1/2021 e levantamento de reparo. Expediente Nº 2021/X999/000026.



## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS**

7. Proposta da Alcaldía relativa ao PLAN ÚNICO DE CONCELLOS, POS +2021. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000244.
8. Proposta da Alcaldía relativa ao POS+ADICIONAL 1/2021 para Gastos Sociais Extraordinarios do exercicio 2021. Expediente Nº 2020/X999/000221.

## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS**

9. Proposta da alcaldía relativa á Resolución contractual do contrato administrativo asinado o 28 de febreiro de 2005 entre o Concello de Cee e FRUTVILA SL relativo a concesión do posto tipo E local 33 mercado de abastos. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000112.
10. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Expediente de Contratación Nº2020/C004/000008: Contratación armonizada, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee e toma de razón do nomeamento de asesor técnico da mesa de contratación remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: D. Francisco Javier Copa Rodríguez (Xefe de sección de Xestión Ambiental IV, da Xefatura Territorial da Coruña .

## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO**

11. Proposta da alcaldía relativa a Modificación da RPTPL do Concello de Cee consecuencia de sentenzas declarando persoal laboral indefinido non fixo. Expediente Nº 2020/C002/000033.

## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM**

12. Proposta da Alcaldía relativa a: Levantamento da suspensión decretada polo Pleno da Corporación en data 27.11.2020, desestimación alegacións, declaración de nulidade Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002, indemnización, requirimento devolución/reintegro da contía de 153.402,33 € ao Arcebispado de Santiago de Compostela. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123

## **B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**

13. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:
  - I. Da Nº 1035/2020 do 14 de decembro á Nº 1106//2020 do 31 de decembro.
  - II. Da Nº 1/2021 do 4 de xaneiro á Nº 45/2021 do 21 de xaneiro.
14. Mocións de urxencia.
15. Rogos e preguntas.

## **SEGUNDO**

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

## **TERCEIRO**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

Exp. 2021/G010/000001

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

## CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela